

EXPEDIENTE: 2026/D001/000002

ASUNTO: FIN DE SEMANA DE MULLERES 2026

TRÁMITE: PUBLICACIÓN DE BASES E ANEXO I DO SORTEO PARA OUTORGAR AS PRAZAS DA FIN DE SEMANA DE MULLERES 2026 NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Por Resolución da Alcaldía de data 13/02/2026 aprobáronse as bases e anexo I do sorteo para outorgar as prazas da fin de semana de mulleres, que a continuación se transcriben:

“EXPEDIENTE: 2026/D001/000002

ASUNTO: FIN DE SEMANA DE MULLERES 2026

TRÁMITE: BASES E ANEXO I DO SORTEO PARA OUTORGAR AS PRAZAS DA FIN DE SEMANA DE MULLERES 2026

As bases redáctanse para dar transparencia ao proceso de adxudicación de prazas que este ano se decide sexa por sorte e non por rigorosa orde de inscrición. O sorteo realizarase exclusivamente se o número de solicitudes supera á oferta de prazas.

1. PRAZAS QUE SE SORTEAN E POSIBILIDADES DE OPCIÓN

Cada persoa poderá conseguir unha soa praza para a Fin de semana de mulleres 2026. Para o ano 2026 ofértanse 54 prazas (1 praza para acompañante do Concello está exenta de sorteo).

2. PRAZO E FORMA DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude de praza será do 16 ao 27 de febreiro de 2026, a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera outro medio contemplado na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Unha vez presentada a solicitude, cada persoa obterán un xustificante co nº de rexistro correspondente, que será co que participarán no sorteo, de ter que realizarse.

As mulleres que soliciten praza a partir do día 28 de febreiro (fóra de prazo) pasarán automaticamente ao final da lista de agarda (no caso de que a haxa). As de fóra de prazo non entrarán no sorteo no caso de ter que realizarse, quedando excluídas.

3. CARACTERÍSTICAS DAS SOLICITUDES

As solicitudes son persoais e intransferibles. Para facilitar a participación de mulleres que queiran realizar a excursión xuntas e compartir a habitación, chamarase ás 55 mulleres con praza para que, antes do pago do prezo público comuniquen con quen queren ir na habitación.

4. COMPROBACIÓN DOS DATOS

A actividade está dirixida a 55 mulleres maiores de 18 anos (cumpridos a data de inicio da actividade), tendo carácter preferente as empadroadas no Concello de Dodro. No caso de existir prazas libres, valorase a asistencia de aquelas que sexan residentes en Dodro, independentemente do empadroamento.

A medida que se vaian presentando solicitudes, o persoal do Concello comprobará a veracidade dos datos persoais aportados, así como o empadroamento.

5. SORTEO

No caso de que as solicitudes superen o nº de prazas, realizarase un sorteo público para adxudicalas. O sorteo celebrarase o día **3 de marzo de 2026, ás 13.00 horas, no salón de plenos do Concello.**

A técnica de Servizos Sociais (ou persoa en quen delegue), responsable da actividade procederá a indicar os números, segunda a lista numerada das solicitantes, que se corresponderá co número de rexistro de cada persoa.

Nun papel, de xeito individual e pola secretaria (ou persoa en quen delegue) introduciranse todos os números nunha urna habilitada para o acto en cuestión. Unha vez introducidos os papeis procederase a abrir a urna e a extraer todos os números un a un, de maneira que se adxudicarán tanto o número de prazas como a orde da lista de agarda.

Todo o proceso quedará reflectido na ACTA DO SORTEO, que asinará a secretaria do Concello ou persoa en quen delegue. A partir do día 3 de marzo a acta será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e o persoal do departamento de Servizos Sociais chamará a todas as mulleres seleccionadas para que procedan a realizar o pago.

6. FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN E PAGO DA COTA



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

Tfno: 981 802 062

info@dodro.gal

www.dodro.gal

Os días 4, 5 e 6 de marzo as mulleres participantes formalizarán a inscrición realizando o pago da mesma (25€/persoa), transcorrido ese prazo sen efectuar o pago, a praza quedará libre e chamaráse á de agarda.

O pago poderá realizarse na tesourería do Concello ou nas oficinas do:

- BANCO SABADELL ES6800812281930001102315

- A BANCA ES6020800329383110000014

7. PRAZAS LIBRES

Logo de realizarse o pago, no suposto caso de que queden prazas libres e non haxa lista de agarda ou estivese esgotada, serán outorgadas as prazas vacantes por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas fóra de prazo.

8. POSIBILIDADE DUN SEGUNDO PRAZO DE INSCRICIÓN PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES

No suposto de, aplicados todos os criterios anteriores, continúen existindo prazas libres, o Concello poderá abrir un novo prazo de inscrición co fin de cubrir as prazas vacantes existentes nese momento.

ANEXO I: MODELO DE INSCRICIÓN

INSCRICIÓN XERAL- FIN DE SEMANA DE MULLERES 2026

SOLICITANTE NOME E APELIDOS			
DNI	TELÉFONO/S		
ENDEREZO			
AUTORIZO AO CONCELLO DE DODRO A:			NON AUTORIZO
QUE ME FAGA CHEGAR TODO TIPO DE INFORMACIÓN RELATIVA ÁS SÚAS ACTIVIDADES			
A CAPTACIÓN DE FOTOGRAFÍAS, GRAVACIÓN DE IMAXES E O REXISTRO DE SON DAS ACTIVIDADES NAS QUE APAREZA, E A DIFUSIÓN DAS MESMAS			
QUE TODOS OS DATOS PERSOAIS RECOPIADOS NA FOLLA DE INSCRICIÓN SEXAN INCLUÍDOS NUNHA BASE DE DATOS DE XESTIÓN MUNICIPAL			

Dodro ____ de _____ de 2026

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE DODRO

PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é Concello de Dodro, LUGAR DE TALLÓS Nº 32, 15981 - DODRO (A CORUÑA); info@dodro.gal	
Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE DODRO	Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en info@dodro.gal
Finalidade do tratamento	Os datos serán utilizados para facerlle partícipe da actividade FIN DE SEMANA DE MULLERES 2026 , así como a xestión administrativa derivada da mesma.
USO DE MATERIAL FOTOGRÁFICO/AUDIOVISUAL	Gustaríanos que nos autorizase para utilizar as súas fotografías e material audiovisual nas redes sociais, web do Concello (www.dodro.gal), así como nas exposicións físicas que se fagan por parte do Concello. Por favor, risque a casilla que se axuste aos permisos que quere darnos:
Si	dou o meu consentimento para que se publiquen as miñas fotografías a través das redes sociais, web e exposicións físicas para participar na presente programación
☐	Non dou o meu consentimento para que se publiquen as miñas fotografías a través das redes sociais, web e exposicións físicas para participar na presente programación
Prazo de conservación	Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e en calquera caso, mentres non houbera transcorrido o prazo de prescrición de posibles acción de responsabilidade derivadas do tratamento.
Lexitimación	Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.
Destinatarios de cesións	Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de función directamente relacionadas cos fins lexítimos do negociado de Igualdade, Xuventude e Relacións Veciñais do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades: • Empresas, provedores e entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociación, ONG's...) colaboradoras do CONCELLO DE DODRO directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios deste Concello. • Empresa contratada para desenvolver a actividade, coa intención única de prestar o servizo o servizo para o que se lle contratou. • Concellos distintos do CONCELLO DE DODRO, Administración Pública Autonómica, Sergas ou calquera organismo público directamente relacionado coa Administración Pública Local. • Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral aos usuarios/as. • Órganos xurisdicionais, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza.
Dereitos	Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O CONCELLO DE DODRO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalación ou por correo electrónico en info@dodro.gal, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos, a través das seguintes vías: - Sede electrónica: www.aepd.es - Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 - Madrid - Teléfono: 901 100 099 - 91 266 35 17